



**APROBACION DO CENSO DEFINITIVO E AXUSTE DA
DISTRIBUCIÓN INICIAL DOS MEMBROS DA ASEMBLEA XERAL**

11/07/2022

Reunida a Xunta Electoral da FGH, en sesión celebrada o día 11/07/2022 ditou a seguinte Resolución:

Sinala o ARTIGO 8. REGULAMENTO ELECTORAL PARA A ELECCIÓN A MEMBROS DA ASEMBLEA XERAL, PRESIDENTE E COMISIÓN DELEGADA DA FEDERACIÓN GALEGA DE HOCKEY que:

c) Censo electoral definitivo.

Una vez resoltos os recursos contra o censo electoral provisional, no caso de terse presentado, ou de non existir estes, a Xunta electoral elevará, no día hábil seguinte, o censo electoral provisional a definitivo, sen que caiba impugnación posterior.

O censo electoral definitivo será exposto nos mesmos lugares e da mesma forma que o censo provisional e será exposto ata o día da votación á asemblea xeral.

3. Aprobado o censo electoral definitivo a xunta electoral deberá aprobar, no su caso, os cambios que se deban facer na distribución inicial do número de representantes asignado a cada circunscrición electoral por especialidade e por estamento, cando os ditos cambios veñan impostos polas variacións ou modificacións do censo electoral provisional. Contra esta resolución da xunta electoral poderá interpoñerse, no prazo de tres días hábiles recurso ante o Comité Galego de Xustiza Deportiva que deberá resolver no prazo de cinco días hábiles.

Producido o suposto de feito sinalado no artigo transcrito compre ELEVAR O CENSO PROVISIONAL A DEFINITIVO e expoñelo no lugar público que corresponda ate o dia sinalado para a votación á Asemblea Xeral.

Igualmente sinala que procede aprobar os cambios precisos na distribución inicial do numero de representantes por especialidade e establecemento polo que os 10 clubs resultantes da impugnación da inscrición do CH PADRON, polo que resultan distribuídos do seguinte xeito:

10	55,56% Entidades deportivas (9 herba + 1 sala)
4	22,22% Deportistas (todos herba pois o censo sala = 0)
3	16,67% Adestradores (2 herba + 1 sala)
1	5,56% Árbitros (todos herba pois censo sala = 0)

18	100,00% Asemblea
----	------------------

Por todo o cal,



XUNTA
DE GALICIA



DEPORTE
GALEGO



Esta Xunta electoral da Federación Galega de Hockey resolve:

- Elevar o CENSO provisional a DEFINITIVO, ordear a súa publicación e proceder a súa remisión a SXPD.
- Proceder á axustar a distribución inicial do numero de representantes a Asemblea Xeral por estamento e por especialidade na forma sinalada no corpo deste acordo.

Unha vez publicado o censo definitivo, o Artigo 20 habilita a calquer persoa física ou xurídica, incluída no CENSO DEFINITIVO, a presentar a súa candidatura a membro da Asemblea Xeral no prazo de catro días hábiles. Contra a resolución referente o axuste da distribución inicial dos representantes a Asemblea Xeral, según o Artigo 8c, poderá interpoñerse, no prazo de 3 días hábiles, recurso ante o CGXD que deberá resolver no prazo de 5 días hábiles.

E firma aos efectos oportunos, a Xunta Electoral, en Ourense, a 13 de xullo de 2022.